

NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DOS CANDIDATOS/AS Á DIRECCIÓN DO INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO

A Resolución do 22 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da dirección do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo (código procedemento PE002A) establece no seu apartado sétimo que a selección dos candidatos/as á dirección será efectuada por unha comisión nomeada pola Dirección Xeral competente en materia de formación náutica e marítimo-pesqueira da Consellería do Mar e que estará constituída por catro persoas representantes da Administración, dúas persoas representantes do profesorado elixidos polo Claustro e por unha persoa representante do Consello Escolar que non sexa profesor ou profesora.

En convocatoria extraordinaria no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo réunese a totalidade do profesorado membro do claustro e proclaman como candidatos titulares para formar parte da comisión de selección aos profesores Francisco José Muñiz Fernández e Juan Carlos Velay Fabregas. Do mesmo xeito, como suplentes son designados os profesores Ramón Otero Martínez e Ángel Manuel Rosende Fernández. Os membros do Consello Escolar proclaman como candidata titular elixida para formar parte da comisión de selección a Ana de Castro García e como suplente désígnase a Fernando González Núñez.

En virtude do anterior exposto, esta dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **RESOLVE:**

Nomear como membros titulares da comisión de selección dos candidatos/as á dirección do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo as seguintes persoas,

- Como representantes da Administración:

- José David Gómez Brandariz, subdirector xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais, presidente da comisión.
- M^a Elena Suárez Sarmiento, directora territorial da Consellería do Mar de Vigo, vogal da comisión.
- Luz López Fariña, xefa do servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras, vogal da comisión.
- Vicente Nieto Fernández, xefe de sección de Programación do Ensino Náutico-Pesqueiro, secretario da comisión.

- Como representantes do claustro do profesorado do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo :



- Francisco José Muñiz Fernández
- Juan Carlos Velay Fabregas

- Como representante do consello escolar do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo:

- Ana de Castro García

Nomear como membros suplentes da comisión de selección dos candidatos/as á dirección do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo as seguintes persoas,

- Como representantes da Administración:

- Elías Piñeiro Martínez, xefe do servizo de Coordinación e Apoio á Xestión, presidente da comisión.
- Patricia Méndez Pérez, xefa do servizo de Planificación, vogal da comisión
- M^a Alicia Correa Fernández, xefa de sección de Formación Pesqueira do departamento territorial de Vigo, vogal da comisión.
- Manuel Fernández Carbajales, xefe de sección de Rexistro e Titulacións Náutico-Pesqueiras, secretario da comisión.

- Como representantes do claustro do profesorado do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo:

- Ramón Otero Martínez
- Ángel Manuel Rosende Fernández

- Como representante do consello escolar do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico en Vigo:

- Fernando González Núñez

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

